

IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que por Resolución da Alcaldía 772/2024, de data 29 de agosto de 2024, procedeuse á adxudicación do contrato **"Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar"**, sendo o que a continuación se reproduce:

“RESOLUCIÓN. Adxudicación contrato subministro.

Exp. 1000/2024. Visto a Resolución da Alcaldía 725/2024, de data 8 de agosto de 2024, pola que se resolve aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, para a adxudicación do contrato "Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar", financiado pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro das reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal de servizo de axuda no fogar (SAF) libre concorrencia (FOICV72024), da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 194, de 10 de outubro de 2024, e resolución de concesión definitiva de subvención, publicada no BOP nº 28, de data 7 de febreiro de 2024.

Visto as características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato	Subministro
Obxecto do contrato	"Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar"
Procedemento de contratación	Aberto simplifícadísimo
Tipo de tramitación	Ordinaria
Códigos CPV	34100000- Vehículos de motor
Valor estimado do contrato	16.528,92 €
Orzamento base de licitación sen IVE	16.528,92 €
IVE	3.471,07 €
Orzamento total de licitación con IVE	20.000,00 €



Prazo de execución	Prazo máximo entrega do ben: 10 días hábiles
División el lotes	Non, segundo o establecido na memoria xustificativa sobre a necesidade da contratación

Visto que en data 8 de agosto de 2024 procedeuse á publicación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público do Anuncio de licitación, Pregos de Cláusulas Administrativas, Pregos de Prescricións Técnicas, así como demais documentación contractual do expediente administrativo.

Visto que rematado o prazo de presentación de proposicións solicitou a súa participación unha empresa: BREOGÁN CAR SL.

Visto a acta da Unidade de Asistencia Técnica, de data 27/08/2024 coa descrición da oferta presentada pola licitadora BREOGÁN CAR SL.

Empresa licitadora	CIF	Prezo sen iva
		Ive
		Prezo total
BREOGAN CAR SL	B70472295	16.446,28 €
		3.453,72 €
		19.900,00 €

A licitadora obrígase á entrega do ben no prazo de 5 (cinco) días dende a adxudicación do contrato.

A licitadora non oferta prazo de garantía adicional ao mínimo esixible no PCAP.

Visto a valoración efectuada pola Unidade de Asistencia Técnica da oferta presentada, co seguinte resultado:

Empresa licitadora	Oferta económica	Redución prazo entrega	Aumento prazo garantía	Puntuación
BREOGAN CAR SL	60,00	15,00	0,00	75,00

Visto a proposta de adxudicación da Unidade de Asistencia Técnica, en cumprimento do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexon o contrato, en favor



da empresa BREOGÁN CAR SL do contrato administrativo “Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar”

Visto o requirimento efectuado e que a licitadora BREOGÁN CAR SL achegou documentación xustificativa de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como ficha técnica do vehículo a subministrar.

Examinada a documentación presentada e de acordo co establecido no artigo 150 e disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro. Adjudicar o contrato administrativo “**Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar**”, á empresa BROGÁN CAR SL, con NIF: B70472295, polo prezo de 16.446,28 euros e 3.453,72 euros de iva, o que importa un total de 19.900,00 euros, coas seguintes características:

Marca	KIA
Tipo	YB/C5P61/M6BDZ1
Denominación comercial	STONIC
Bastidor	KNADA817ART949566

O prazo de entrega do ben será de 5 (cinco) días, a contar desde a recepción da notificación da presente resolución. O prazo de garantía será de tres anos, a partir da data de sinatura da acta de recepción.

Segundo. Dispoñer o gasto, por importe de 19.900,00 euros, con cargo á aplicación 231.62400 do vixente orzamento de gastos. O pagamento efectuarase unha vez entregado o subministro e presentada a correspondente factura a través da plataforma FACE.

Terceiro. De conformidade co establecido na cláusula 19 do PCAP a formalización do contrato efectuarase mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adjudicación.

Cuarto. Notificar a adjudicación á licitadora de acordo co establecido no artigo 151 do TRLCSP.

Quinto. Publicar o acordo de adjudicación no Perfil do Contratante.”

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente, en Cabanas, co Visto e Prace do Sr. Alcalde, Fernando Couce Rodríguez, na data que consta á marxe.

